



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Eva Solla Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso, Antón Sánchez García e Xosé Manuel Beiras Torrado, deputados e deputada do Grupo Parlamentario da **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**), referida á participación plena na vida económica, cultural e social das galegas residentes no estranxeiro.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece que lle corresponde aos poderes públicos galegos promover as condicións para que a persoa ou grupo de persoas accedan, en igualdade de condicións “reais e efectivas”, a exercer plenamente dereitos e facilitar a participación de todas as galegas e galegos tamén na vida económica, cultural e social (Artigo 4.2 do Estatuto e Artigo 7.1). Cómpre tamén que lembremos que o artigo 7.1. do Estatuto de Galicia define o recoñecemento de Galeguidade como o dereito a colaborar e compartir da vida social e cultural do pobo galego. Repetimos: social e cultural.

Máis, coa Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galeguidade, modificouse pola porta de atrás o Estatuto de Galicia, poñendo a economía como elemento caracterizador da Galeguidade e promovendo que as relacións económico-empresariais se ergan por riba das relacións lingüísticas, culturais e históricas. Ante isto defendemos, e seguimos a defender, que o necesario é asegurar toda a plenitude de dereitos de cidadanía dos galegos e galegas residentes no exterior, e polo tanto defendemos a necesidade dunha Lei de Cidadanía Galega no Exterior.

O nivel de desprezo demostrado con esta lei, por parte do PP, para coa cidadanía galega exterior, chegou ao punto de que no debate da Lei da Galeguidade, o PP rexeitou, definir o concepto de cidadanía desde Galicia. Polo que, en consecuencia, rexeitou impedir as casuísticas que introduce o artigo 3, de que unha persoa que nacera en Galicia perdese a condición de galega se antes de emigrar fóra de España estivese empadroada nunha Comunidade Autónoma distinta a Galicia (xa que debe figurar inscrita no PERE nunha localidade galega, senón non será considerada galega a pesar de ter nado en Galicia). Tratando con isto non de aglutinar o galego, senón partir a galeguidade por vía lexislativa.

A dereita promotora deste texto de lei tampouco aceptou a petición de que un dos requisitos dos centros colaboradores de galeguidade (artigo 11.1) fóra o de ser "unha organización independente" e sen vinculación orgánica con partidos políticos, confesións relixiosas nin organizacións empresariais (emenda 25). Está claro que a dereita teima en reproducir os esquemas de tutelaxe, de mercadeo electoralista e outros feitos que escurecen a claridade que debe posuír a democracia. A Xunta sufraga proxectos de actuación a favor de entidades galegas no exterior, cunha partida que recibiu 1.506.670 no 2015, e que xa rexistrara un incremento de 100.000 euros fronte á cantidade reservada en 2013, en concreto 100.000 euros máis, que no 2016 creceu outros 150.000 ata acadar 1.655.870 euros.

Máis alá de isto, as partidas dos orzamentos autonómicos que a Xunta destina atender aos emigrantes galegos no exterior foron das que máis se viron minguadas polos recortes durante a crise. De entre estas, as partidas máis exiguas son as dirixidas ás emigrantes retornadas e aos seus familiares, que pese a que este ano aumentaron ata os 150.000 euros, non fixeron máis que descender en fondos dende os 170.000 de 2013. Ademais da redución da contía, nos últimos cinco anos e desde o inicio da crise, Emigración restrinxiu as axudas ao aplicar criterios máis restritivos: o programa xa só cobre aos emigrantes galegos e aos

seus cónxuxes e fillos, pero exclúe aos parentes consanguíneos de segundo grao así como aos seus orfos e viúvos, familiares que até 2013 si que podían ser beneficiarios.

En resumidas contas, a lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galeguidade, introduciu dereitos individuais de retorno, sen financiamento e sen unha planificación real de políticas para facilitar o retorno das nosas traballadoras e traballadores. O PP esqueceu na súa lei os dereitos colectivos da cidadanía e unicamente se asegurou de poder manter subvencións a dedo para ás entidades galegas a conveniencia e con capacidade de discriminar desas subvencións ás independentes e ás contestatarias. Unha lei e unha acción política que dálle as costas ao 95% dos galegos e galegas residentes no estranxeiro, aos nosos dereitos como sociedade e á nosa cultura.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario da AGE formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Que actuacións ten levado a cabo o Goberno de Galicia co fin de promover a lingua e a cultura propias da nosa terra no estranxeiro? Ten previsto o Goberno axudar con maiores recursos ás institucións galegas no estranxeiro que teñen como finalidade de cumprir precisamente co Artigo 4.2 e co Artigo 7.1 do noso Estatuto de Autonomía (promoción de actividades sociais, difusión das sinais de identidade culturais propias de Galicia)?
- 2) Cales son as medidas do actual Goberno para garantir que tódalas galegas e galegos residentes no estranxeiro, durante as viaxes temporais por Galicia, teñan acceso a uns servizos públicos de calidade, universalidade e en igualdade de condicións que os do resto das galegas e galegos?

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2016.



Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 12/05/2016 10:33:42

Ramón Vázquez Díaz na data 12/05/2016 10:33:52

Eva Solla Fernández na data 12/05/2016 10:34:00

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 12/05/2016 10:34:09

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 12/05/2016 10:34:18

Anton Sánchez García na data 12/05/2016 10:34:23